Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 18 de outubro de 2017
Hora de comezo: 14.15 h
Hora de remate: 14.40 h

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Dona Mª Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Don Jesús Sanjuás Mera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

1. **Aprobación da acta anterior**
2. **Xustificación e solicitude de pago de subvención ao abeiro da medida LEADER do PDR de Galicia 2014/2020**
3. **Xustificación de subvención para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural**
4. **Modificación do proxecto "Actuacións no Pico Sacro Premios de Galicia Parabéns 2017/2018"**
5. **Xustificación subvención para proxecto denominado Rúa Hixinio Ansemil de Avda. Pico Sacro á Travesía Milleirós e outra.**
6. **Aprobación dietas tribunal oposición "Orientación laboral"**
7. **Certificacións das obras PAS 2015 "Mellora no campo de fútbol do Forte e outro e Melloras en instalacións educativas de Camporrapado e outras"**
8. **Certificación da obra "Camiño do cruceiro de Pousada a campo da festa e outros" complementario POS 2016**
9. **Altas en abastecemento/saneamento**
10. **Licenzas urbanísticas**

11. Punto de urxencia
12. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 5 de outubro do 2017.

2.Xustificación e solicitude de pago de subvención ao abeiro da medida LEADER do PDR de Galicia 2014/2020

Esta entidade con data do 9 de maio de 2017 presentou solicitude de axuda económica mediante a Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da Medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR). (DOG. núm. 12, do 18 de xaneiro de 2017).

Por resolución de alcaldía de data 3 de xullo de 2017 aprobouse unha distribución en dúas anualidades 2017- 2018 para o citado proxecto para cumprir cos requisitos de xustificación e as condicións de concesión da axuda.

O Director Xeral do Agader resolveu con data do 8 de agosto de 2017 a concesión dunha subvención de acordo co disposto na orde arriba indicada, para o proxecto denominado "Aforro enerxético e sistema de control en ETAP de Pontillón e outros", por importe total de 58.474,94 euros, segundo o detalle que se indica a continuación:

Concepto	Orzamento aceptado	% Axuda	Subvención concedida
"Aforro enerxético e sistema de control en ETAP de Pontillón e outros"	67.476,28 €	86,66%	58.474,94 €

Á vista do expediente de contratación tramitado para a realización da obra financiada polo Agader, dita obra adxudicouse á empresa Clece SA por 65.479,45 € sendo a empresa que presentou a oferta máis vantaxosa.

A reformulación económica en base á contratación dunha oferta de menor contía ó orzamento estimado no proxecto técnico presentado no momento da solicitude, supón unha axuda de 56.744,5 euros e unha aportación por parte do concello de Boqueixón de 8.734,95 €.

En Xunta de Goberno Local de data do 5 de outubro de 2017 apróbanse as Certificacións de Fin de Obra e a factura emitida pola empresa adxudicataria do proxecto polo custo total do proxecto.

O punto 6 da Resolución Director Xeral do Agader de data do 8 de agosto de 2017, determina que o prazo de execución e xustificación, na primeira anualidade, rematará o 15

de outubro de 2017. A Resolución do Director Xeral do Agader de data 6 de outubro de 2017, modifica este punto, fixando a data final de xustificación de investimentos o 30 de outubro de 2017.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a solicitude de pagamento e a conta xustificativa económica 2017 polo total do importe do proxecto realizado da subvención destinada á "Aforro enerxético e sistema de control en ETAP de Pontillón e outros" concedida a esta entidade ó abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da Medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, conforme o artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que incorpora:

- Que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.
- Que tomouse razón en contabilidade do gasto correspondente á execución do proxecto "Aforro enerxético e sistema de control en ETAP de Pontillón e outros", establecendo a seguinte codificación contable separada para todas as transaccións realizadas a cargo de dita subvención:

2017	2	AFESC	1	Aforro enerxético e sistema de control en ETAP de Pontillón e outros

- Esta entidade non solicitou nin lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, das distintas administración públicas competentes ou outros entes públicos.

- Esta entidade non está incursa en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, número 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.

- Imputar os gastos totais soportados por esta entidade para esta actuación subvencionada que son os que se relacionan a continuación:

ACREDOR	**CONCEPTO**	**NÚM. FACTURA**	**IMPORTE CON IVE**	**IMPORTE IMPUTADO E ABOADO**	**DATA DE EMISIÓN**	**DATA DE RECOÑECEMENTO DA OBRIGA**
CLECE, SA	Obra de "Aforro enerxético e sistema de control en ETAP de Pontillón e outros"	06778000000117F	65.479,45 €	62.780,40€	30/09/17	06/10/17
ESTUDIO TECNICO GALLEGO, SA	Honorarios de Dirección obras e coordinación de seguridade e saúde da obra: "Aforro enerxético e sistema de control en ETAP de Pontillón e outros"	17 399	2.699,05€	2.699,05€	09/10/17	09/10/17
TOTAL				**65.479,45 €**		

- Que a contratación das obras, equipamentos ou servizos se realizou consonte a normativa de contratación do sector público.
- Que se cumpriu cos requisitos de publicidade.
- Que se cumpriu o establecido nos artigos 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións,

especialmente que se solicitaron 3 ofertas de diferentes provedores e a elección recaeu na oferta máis vantaxosa da empresa Clece, SA.

2.- Comunicar este acordo á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

3.Xustificación de subvención para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural

En Xunta de Goberno Local de data 16 de febreiro de 2017, aprobouse a solicitude dunha axuda económica ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2016, da Axencia de Turismo de Galicia, que establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestruturaa recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequeña escala, mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOG. núm. 14, do 20 de xaneiro de 2017).

Que por resolución definitiva da directora da Axencia de Turismo de Galicia do 27 de xullo de 2017, de acordo co disposto na orde arriba indicada, de acordo co previsto no artigo 12.1 das bases reguladoras, acordouse conceder a ese concello unha subvención para o proxecto denominado "Sinalización do Pico Sacro mediante ferramentas tecnolóxicas" por importe de 15.019,13 euros, segundo o detalle que se indica a continuación:

Concepto	Orzamento subvencionado	Puntua-ción	Porcentaxe	Subvención proposta
Sinalización do Pico Sacro mediante ferramentas tecnolóxicas	20.025,50 €	55	75%	15.019,13 €

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar, aboar e imputar a factura presentada pola empresa contratada por esta entidade para esta actuación subvencionada que se relaciona a continuación:

ACREEDOR	CONCEPTO	NÚM. FACTURA	IMPORTE CON IVE	DATA DE EMISIÓN
Evelb Técnicas y Sistemas, SL	Sinalización do Pico Sacro mediante ferramentas tecnolóxicas	FVE/ 5126	18.014,15€	16/10/2017

2.- Aprobar a conta xustificativa da subvención destinada á "Sinalización do Pico Sacro mediante ferramentas tecnolóxicas" conforme o artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que incorpora:

- Que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.
- Que se toma razón en contabilidade do gasto correspondente á execución do proxecto "Sinalización do Pico Sacro mediante ferramentas tecnolóxicas", establecendo a seguinte codificación para todas as transaccións realizadas a cargo de dita subvención:

2017	2	APPPI	1	Sinalización do Pico Sacro mediante ferramentas tecnolóxicas

- Esta entidade non solicitou nin lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, das distintas administración públicas competentes ou outros entes públicos.

- Esta entidade non esta incursa en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, número 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.

- Os gastos totais soportados por esta entidade para esta actuación subvencionada que son os que se relacionan a continuación:

ACREEDOR	CONCEPTO	NÚM. FACTURA	IMPORTE CON IVE	DATA DE EMISIÓN
Evelb Técnicas y Sistemas, SL	Sinalización do Pico Sacro mediante ferramentas tecnolóxicas	FVE/ 5126	18.014,15€	16/10/2017

- Que a contratación das obras, equipamentos ou servizos se realizou consonte a normativa de contratación do sector público.
- Que se cumpríu cos requisitos de publicidade.
- Que se cumpríu o establecido nos artigos 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, especialmente que se solicitaron 3 ofertas de diferentes provedores e publicitouse a contratación na páxina web do concello:

Empresas	IMPORTE TOTAL
Infernos TV	16.550 € (ive excluído)
Danga Danga Audiovisuais	Non contestou
Álvaro Liste Fernández	Non contestou

Dentro do plazo establecido, a empresa Evelb Técnicas y Sistemas SL presentou unha proposta por importe de 14.887,73 € (ive excluído). Tendo en conta o contido no informe 33/2009 de 1 de febreiro de 2010 da Xunta Consultiva de Contratación, si por parte dos licitadores non invitados se presentaran, cando o procedemento aínda o permite, ofertas o órgano de contratación debe aceptalas.

- A elección entre as ofertas recaeu na proposta máis vantaxosa:

ADXUDICATARIO	NIF	IMPORTE SEN IVE	IVE 21%	IMPORTE TOTAL
Evelb Técnicas y Sistemas, SL	B70240320	14.887,73 €	3.126,42 €	18.014,15 €

3.- Aprobar a memoria sobre a actuación subvencionada segundo o requerido no artigo 19.1 das bases reguladoras da Orde citada anteriormente.

4.- Comunicar esta acordo á Axencia de Turismo de Galicia.

4.Modificación do proxecto "Actuacións no Pico Sacro Premios de Galicia Parabéns 2017/2018"

O 23 de xaneiro de 2017, publicouse no DOG. núm. 15 a Resolución do 29 de decembro de 2016, da Axencia de Turismo de Galicia pola que se establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos Premios de Galicia Parabéns e se procese á súa convocatoria para os anos 2017 e 2018.

Mediante decreto de data do 23 de marzo de 2017 o Concello de Boqueixón resolve a aprobación e presentación do proxecto de "Actuacións no Pico Sacro", para optar ós premios convocados na 1ª categoría.

O proxecto presentado polo concello de Boqueixón pretende harmonizar a contorna do Pico Sacro e da paisaxe que desde alí se albisca. As tres actuacións contempladas responden a finalidade da subvención por un importe total de 395.434,44 €.

Con data do 3 de agosto de 2017 comunícase ó concello de Boqueixón, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, resolución provisional da Axencia de Turismo de Galicia, pola que se concede o Premio "Galicia Parabéns" para os anos 2017 e 2018, segundo se detalla a continuación:

Categoría: Primeiro.
Puntuación: 95.
Contía: 400.000 euros.

A distribución do premio para cada anualidade é a seguinte:
Anualidade 2017: 100.000 euros.
Anualidade 2018: 300.000 euros.

Na citada resolución tamén se recomenda ó Concello de Boqueixón a plantación de especies autóctonas propias da zona na contorna do Pico como medida de conservación e protección da biodiversidade.

No artigo 14, punto 4, da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras deste premio, recóllese a viabilidade de solicitude dun pagamento anticipado do 50% do importe correspondente á anualidade 2017.

Por decreto de alcaldía de data 22 de agosto de 2017, resolveuse a solicitude de inclusión no Proxecto dunha actuación de Repoboación con árbores autóctonas no Pico Sacro por valor de 4.565,56 €, de xeito que se completa así o importe total do premio de 400.000 € e a solicitude dun pagamento anticipado de 50.000€ correspondente á anualidade 2017.

Con data do 21 de setembro de 2017, notifícaselle a este entidade a Resolución definitiva de data 18 de setembro de 2017 da Axencia de Turismo de Galicia pola que se lle concede o Premio Galicia Parabéns na 1ª categoría para os anos 2017 e 2018, mantendo a mesma distribución de contías que se detallaba na primeira resolución provisional.

A distribución das contías da Resolución do Premio Galicia Parabéns, determina cal ten que ser a distribución económica e a cronoloxía das obras que se van executar anualmente. Esta distribución non é a prevista inicialmente no Proxecto "Actuacións no Pico Sacro" presentado no momento da solicitude.

O artigo 12 da Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión deste Premio, establece que unha vez ditada resolución de concesión, o premiado poderá solicitar, segundo se establece no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a modificación do seu contido antes de que remate o prazo para a realización das actuacións. En todo caso, dita modificación debe respectar o obxecto da iniciativa premiada e non dar lugar a intervencións deficientes e incompletas.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobación do Proxecto modificado "Actuacións no Pico Sacro", coas correspondentes modificacións cronolóxicas de execución de obras, reaxustes orzamentarios e inclusión da actuación de adquisición de terreo estritamente necesario para a poder levar a cabo unha das obras do proxecto.
O Proxecto modificado inclúe as seguintes actuacións:

No 2017:
Adquisición de terreo e derruba de estrutura no Pico Sacro.
Inversión total: 100.000€ (ive incluído)

No 2018:
Actuacións no Pico Sacro:
- Depósito
- Roteiro Centro de Interpretación- Pico Sacro
- Limpeza covas
- Repoboación con árbores autóctonas

Actuacións no Centro de Interpretación do pico Sacro:
-Actuacións previas
- Albanelería
- Acabados
- Carpinterías
- Instalacións

Inversión total: 300.000€ (ive incluído)

2.- Aprobación da solicitude de modificación do Proxecto "Actuacións no Pico Sacro" coa aportación da seguinte documentación recollida no art. 12, punto 3 da Resolución pola que se establecen as bases de reguladoras:
- Proxecto modificado "Actuacións no Pico Sacro".
- Memoria técnica xustificativa de modificacións.
- Orzamentos e cronoloxía modificados e adaptados.
- Relación e identificación concreta dos cambios introducidos.

3.- Comunicar este acordo á Axencia de Turismo de Galicia.

5.Xustificación subvención para proxecto denominado Rúa Hixinio Ansemil de Avda. Pico Sacro á Travesía Millerirós e outra.

Esta entidade con data do 17 de febreiro de 2017 presentou solicitude de axuda económica a través da Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (DOG. núm. 14, 20 de xaneiro de 2017). Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza.

Por resolución da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, concédese unha subvención ó concello de Boqueixón para o desenvolvemento do proxecto de *Rúa Hixinio Ansemil de Avda. Pico Sacro á Travesía Milleirós e outra,* por importe de 39.928,30 euros. Esta axuda representa o 80% sobre o orzamento elixible do proxecto. O concello adquire o compromiso de execución completa do proxecto que fundamentou a resolución de concesión, que ten un orzamento total de 49.910,37 euros (IVE excluído).

Para a adxudicación da obra para a realización da obra financiada solicitáronse 3 ofertas de empresas especializadas no sector cumprindo as bases de execución do proxecto, dita obra adxudicouse á empresa Martínez Montes e Hijos, SL, por importe de 41.382 euros, porque presentou a oferta máis vantaxosa.

En Xunta de Goberno Local de data do 5 de outubro de 2017 apróbase a Certificación de Fin de Obra e a factura emitida pola empresa adxudicataria do proxecto polo custo total do proxecto. Con data do 16 de outubro de 2017 o concello de Boqueixón, abona a factura presentada pola empresa adxudicataria.

A resolución de concesión de subvención establece como prazo de execución e xustificación, e presentar a documentación xustificativa no prazo establecido, que remata o 31 de outubro de 2017 (inclusive).

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a conta xustificativa económica 2017 polo total do importe do proxecto realizado da subvención destinada á realización do proxecto "RÚA HIXINIO ANSEMIL DE AVDA. PICO SACRO Á TRAVESÍA MILLEIRÓS E OUTRA" concedida a esta entidade ó abeiro da Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (DOG. núm. 14, 20 de xaneiro de 2017), que incorpora:
- Que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.
- Que tomouse razón en contabilidade do gasto correspondente á execución do proxecto "Rúa Hixinio Ansemil de Avda. Pico Sacro á Travesía Milleirós e outra", establecendo a

seguinte codificación contable separada para todas as transaccións realizadas a cargo de dita subvención:

2017	2	HIXIN	1	RÚA HIXINIO ANSEMIL DE AVDA. PICO SACRO Á TRAVESÍA MILLEIRÓS E OUTRA

- Esta entidade non solicitou nin lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, das distintas administración públicas competentes ou outros entes públicos.
- Esta entidade non está incursa en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, número 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.
- Imputar os gastos totais soportados por esta entidade para esta actuación subvencionada que son os que se relacionan a continuación:

ACREDOR	CONCEPTO	NÚM. FACTURA	IMPORTE CON IVE	IMPORTE SEN IVE	DATA DE EMISIÓN	DATA DE RECOÑECE-MENTO DA OBRIGA
Martínez Montes e Hijos, SL	Proxecto "Rúa Hixinio Ansemil de Avda. Pico Sacro á Travesía Milleirós e outra"	17098	41.382€	34.200€	18/09/17	16/10/17

- Que a tramitación e contratación da obra cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas.
- Que se cumpriu coas obrigas de publicidade establecidas na orde.
- Que se cumpriu o establecido nos artigos 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, especialmente que: solicitáronse 3 ofertas de diferentes provedores e a elección recaeu na oferta máis vantaxosa da empresa Martínez Montes e Hijos, SL.

2.- Comunicar este acordo á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza.

6.Aprobación dietas tribunal oposición "Orientación laboral"

En base á subvención concedida pola Xunta de Galicia o concello tivo que contratar un técnico de orientación laboral.

Por resolución da alcaldía de data 4 de outubro de 2017, designáronse os membros do Tribunal cualificador das probas para a contratación do técnico de orientación laboral .
O número total de solicitudes presentadas ascende a once, sendo os presentados ao exame cinco. Así mesmo, resolveuse convocar ao Tribunal para a realización das probas o día 6 de outubro ás 10:00 h. a proba escrita e ás 11:00 a valoración de criterios.

Con data 10 de outubro presentouse unha reclamación polo que o Tribunal tivo que reunirse por segunda vez o día 11 de outubro ás 9:00 h.

No Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, regúlanse as indemnizacións por razón de servizo. Concretamente no Anexo IV especifícanse os importes que neste caso serán os correspondentes á categoría primeira (acceso a corpos ou escalas do grupo A ou categoría de persoal laboral asimilables):

Presidente e secretario…… 45,89 €
Vogais……. 42,83 €

Por outro lado, débese ter en conta, que dous vogais tiveron que trasladarse dende o concello de Vedra e outra dende o concello de Touro, o cal supón un quilometraxe de 30 quilómetros ida e volta por día no caso de Vedra e 32 quilómetros ida e volta por día dende Touro, todo o que se aboará a razón de 0,19 €/km.

Á vista do que a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar as seguintes indemnizacións a aboar aos membros do tribunal.
Presidenta: Ana Beatriz Díaz Míguez…… …..91,78 €.
Secretaria: Elena Suárez Rodríguez…… …….. 91,78 €.
Vogais: Carlos Sanmartín Carrera…… 97,06 €.
Mª de la Cruz Vilas Giadanes……. 97,06 €.
Nieves González Mujico……. 98,82 €.

2º.-Comunicar este acordo á Tesourería para o seu aboamento

7.Certificacións das obras PAS 2015 "Mellora no campo de fútbol do Forte e outro e melloras en instalacións educativas de Camporrapado e outras"

O Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o 10 de decembro do 2015, acordou aprobar o Plan de Acción Social 2015, no cal se inclúen os proxectos "Melloras en instalacións educativas de Camporrapado e outros" cun presuposto de 108.062,85 € e en "Melloras no campo de fútbol do Forte e outro" cun presuposto de 36.058,06 €.
Así mesmo, acordouse executar ditos proxectos pola Administración.

Con data 10 de outubro do 2017, a Directora das obras presenta no concello as certificacións número 1 e finais e as actas de recepción das mesmas.
Por outro lado constan no expediente as correspondentes facturas pola execución das respectivas obras.
Polo que procede a aprobación das citadas certificacións e facturas.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar a certificación núm. 1 e final da execución do proxecto "Melloras no campo de fútbol do Forte e outro" por importe de 36.058,06 €.

2. Aprobar a certificación núm. 1 e final da execución do proxecto "Melloras en instalacións educativas de Camporrapado e outras" por importe de 108.062,85 €.

3 Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial de A Coruña.

8.Certificación da obra "Camiño do cruceiro de Pousada a campo da festa e outros" complementario POS 2016

O Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o 10 de decembro do 2015, acordou aprobar o Plan de Obras e Servizos 2016 así como o Plan Complementario no que se inclúe o proxecto denominado "Camiño do cruceiro de Pousada a campo da festa e outros", cun presuposto de 36.058,06 €.
Así mesmo, acordouse executar esta obra pola Administración.

Con data 10 de outubro do 2017, o Director da obra presenta no concello a certificación número 1 e final e a acta de recepción da mesma.
Por outro lado constan no expediente a relación das facturas imputables á súa execución.
Polo que procede a aprobación da certificación e facturas correspondentes para o seu pagamento e remisión á Deputación de A Coruña.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar a certificación núm. 1 e final da execución do proxecto "Camiño do cruceiro de Pousada a campo da festa e outros" por importe de 36.058,06 €.

2 Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial de A Coruña.

9.Altas en abastecemento/saneamento

A) Altas en Abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Abastecemento de auga, inclúense como beneficiarios do servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome e enderezo fiscal	**DNI**	**Enderezo inmoble**	**Taxa**	**Importe conexión/ instalación contador**
MANUEL ALEJANDRO xxxxx 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx 15881 Boqueixón	54,86 €	549,40 €
JOSÉ ANTONIO xxxxx 15320 A Coruña	xxxxx	xxxxx 15882 Boqueixón	54,86 €	21,94 €
BEATRIZ xxxxx Sanxenxo - Pontevedra	xxxxx	xxxxx 15881 Boqueixón	54,86 €	483,98
FRANCISCO xxxxx 15881 Boqueixón (Coruña)	xxxxx	xxxxx 15881 Boqueixón	54,86 €	483,98

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Abastecemento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes, así como os importes pola conexión á rede, que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

As altas concedidas son para vivenda.

As ditas taxas así como os ingresos pola conexión á rede de abastecemento de tódolos beneficiarios foron efectuados polos interesados nas arcas municipais. Os ingresos foron realizados con data do 04/08/2017 por parte de Manuel Alejandro xxxxx, con data do 25/09/2017 por Beatriz xxxxx, con data do 27/09/2017 por Francisco xxxxx e con data do 06/10/2017 por parte de José Antonio xxxxx, segundo os xustificantes de ingreso que constan no expediente.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ó enderezo fiscal indicado

B) Altas en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar as acometidas á rede municipal de sumidoiros, segundo o Regulamento do Servizo Municipal de Saneamento, inclúense como beneficiarios de dito servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmoble	Taxa
MANUEL xxxxx 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxx	xxxxx Boqueixón (A Coruña)	54,86 €
XOSÉ xxxxx 15881 Boqueixón	xxxxx	xxxxx 15881 Boqueixón	54,86 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Saneamento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

As altas concedidas son para vivenda.

As ditas taxas de saneamento foron efectuadas polos interesados nas arcas municipais. Con data do 04/08/2017 foi realizado o ingreso por parte de Manuel xxxxx e con data do 08/08/2017 por parte de Xosé Antón xxxxx, segundo os xustificantes de ingreso que constan no expediente.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ó enderezo fiscal indicado:

10.Licenzas urbanísticas

Antecedentes:

Con data do 20/02/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/0301, por Construcións Boqueixón, S.L., con CIF nº: xxxxx, achégase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a "Implantación de infraestrutura de xestión e tratamento de residuos da construción", que se pretende no Polígono Industrial SAUI-1 de Sergude, nas parcelas nº: 5, 6, 11, 12 e 13, presentando un proxecto técnico, asinado polo arquitecto D. Manuel Carro López, colexiado nº: 2.974.

Con data do 12/04/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un informe técnico, en base á documentación técnica achegada, mediante o cal solicita mais documentación técnica a administrativa, que xustifique a legalidade urbanística vixente, para a concesión da licenza municipal de obras.

Con data do 17/04/2017, mediante oficio da Alcaldía, con rexistro de saída nº: 2017/0351, ponse en coñecemento do promotor do expediente, unha copia orixinal do informe técnico emitido, para que no prazo de 30 días, proceda a emendar o proxecto achegado, no sentido no que no dito informe se indica.

Con data do 29/05/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/1121, de data do 31/05/2017, polo promotor do expediente, achégase un novo proxecto técnico, modificado I, con relación ao informe técnico emitido con data do 12/04/2017.

Con data do 05/06/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/1202, de data do 09/06/2017, o promotor do expediente, achega a documentación administrativa que acredita a identificación das persoas xurídicas e dos representantes legais da empresa.

Con data do 29/06/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite un novo informe técnico, favorable condicional, en base ao novo proxecto técnico modificado I presentado, e que literalmente di:

1.- A modificación da beirarrúa prevista non cumpre coa normativa de accesibilidade vixente para espazos públicos urbanizados (Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados. Deberase corrixir.

NOTA: A recollida e tratamento de residuos (CNAE 90.02) figura no anexo I, sobre actividades potencialmente contaminantes do solo, do Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminantes. No artigo 1 do devandito RD indícase que os titulares das actividades relacionadas no anexo I están obrigados a remitir ó órgano competente da comunidade autónoma correspondente, nun prazo non superior a dous anos, un informe preliminar de situación do solo no que se desenvolve a actividade, co alcance e contido mínimo que se recolle no anexo II.

Con data do 06/07/2017, mediante oficio da Alcaldía, con rexistro de saída nº: 2017/0646, ponse en coñecemento do promotor do expediente, unha copia cotexada do novo informe técnico orixinal emitido, para que no prazo de 30 días, proceda a emendar o proxecto achegado, no sentido no que no dito informe se indica.

Con data do 20/09/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/2140, de data do 22/09/2017, o promotor do expediente achega unha nova documentación técnica, con relación á modificación da beirarrúa, en base ao informe técnico emitido con data do 29/06/2017.

Con data do 05/10/2017, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, **emite o informe técnico favorable**, en base á nova documentación técnica presentada, e que literalmente di:

1. *No que corresponde a normativa urbanística municipal, considérase favorable para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.*
2. *Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.*
3. *NOTA: A recollida e tratamento de residuos (CNAE 90.02) figura no anexo I, sobre actividades potencialmente contaminantes do solo, do Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminantes. No artigo 1 do devandito RD indícase que os titulares das actividades relacionadas no anexo I están obrigados a remitir ó órgano competente da comunidade autónoma correspondente, nun prazo non superior a dous anos, un informe preliminar de situación do solo no que se desenvolve a actividade, co alcance e contido mínimo que se recolle no anexo II.*

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- *A solicitude da licenza municipal de obras*
- *O proxecto técnico inicial, de data do 17 de febreiro de 2017*
- *O proxecto técnico modificado I, de data do 25 de maio de 2017*
- *O Anexo de modificación da beirarrúa, de data do 20 de setembro de 2017*
- *Os datos identificativos das persoas xurídicas e dos representantes legais da empresa*

- *O nomeamento da dirección de obra (D. Manuel Carro Iglesias. Arquitecto, colx. 2.974)*
- *O nomeamento do coordinador de seguridade e saúde (D. Manuel Carro Iglesias. Arquitecto, colx. 2.974)*
- *A certificación de solidez das naves 5 e 6, para a súa adaptación á actividade, emitida por D. Manuel Carro Iglesias. Arquitecto, colx. 2.974.*
- *O informe técnico favorable, de data do 5 de outubro de 2017*

Con data do 16 de outubro de 2017, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Vistos os antecedentes expostos, e unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a **"**Licenza Municipal de Obras**",** a Construcións Boqueixón, S.L., con CIF nº: xxxxx, para as seguintes actuacións:

- ***Implantación de infraestrutura de xestión e tratamento de residuos da construción***

Esta licenza concédese salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) **Condicións particulares**:

01. Número do expediente municipal: *2017 / 0301*
02. Promotor do expediente: *CONSTRUCIÓNS BOQUEIXÓN, S.L.*
03. C.I.F. do promotor: *xxxxx*
04. Clasificación urbanística: *Solo Urbano. Zona 5ª (SAUI-1 – Plan Parcial)*
05. Tipo de licenza: *Implantación de infraestrutura de xestión e tratamento de residuos da construción*
06. Situación e emprazamento: *SAUI-1 – PARCELAS 5, 6, 11, 12 e 13*
07. Referencias catastrais: *2721413NH4422S0001FK – 2721401NH4422S0001WK*
08. Edificabilidade : *0,0045 m^2/ m^2 (permitido 0,54 m^2/ m^2)*
09. Volume: *0,004 m^3/ m^2 (permitido 3,10 m^3/ m^2)*
10. Altura: *2,75 m (permitido 12 m)*
11. Taxa municipal pola tramitación do expediente: *61,62*
12. Orzamento de execución material das obras previstas: *14754,28*
13. Liquidación do I.C.I.O. (1,9%, segundo ordenanza vixente): *280,33 €*
14. Técnico redactor do proxecto: *D. Manuel Carro Iglesias. Arquitecto, colx. 2.974*
15. Dirección de obras: *D. Manuel Carro Iglesias. Arquitecto, colx. 2.974*
16. Coordinación de seguridade e saúde: *D. Manuel Carro Iglesias. Arquitecto, colx. 2.974*
17. Prazos de execución:
    - Para comezar as obras: *6 MESES (desde o día seguinte a notificación desta licenza)*
    - Para terminar as obras: *3 ANOS (desde o día seguinte a notificación desta licenza)*

(*Poderanse conceder prórroga dos anteriores prazos, segundo o estipulado no artigo 359, do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, debendo ser solicitados a instancia, con anterioridade o vencemento destes*).

b.-) **Condicións especiais**:

18. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: *Tipo de obra; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora.*

19. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes.

20. No caso de invadir a vía pública durante a execución das obras, deberanse tomar as medidas de seguridade e saúde necesarias.

21. A recollida e tratamento de residuos (CNAE 90.02) figura no anexo I, sobre actividades potencialmente contaminantes do solo, do Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminantes. No artigo 1 do devandito RD indícase que os titulares das actividades relacionadas no anexo I están obrigados a remitir ó órgano competente da comunidade autónoma correspondente, nun prazo non superior a dous anos, un informe preliminar de situación do solo no que se desenvolve a actividade, co alcance e contido mínimo que se recolle no anexo II.

22. Unha vez finalizadas as obras, deberase presentar o correspondente **certificado final de obras**, coa solicitude da **comunicación previa do inicio da actividade**.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (TAXA - 61,62 €; e I.C.I.O. - 280,33 €), por importe total de 341,95 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago das liquidacións da TAXA e do ICIO:

A liquidación total, por importe de 341,95 €, será ingresada na tesourería deste concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, a nome do "Concello de Boqueixón"

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo ao interesado

11 Punto de urxencia

Aprobación da modificación do proxecto de derruba da estrutura sita no Pico Sacro e inicio do expediente de demolición

Motívase a urxencia deste punto por ter que xustificar os gastos da demolición da estrutura antes do 15 de decembro deste ano, debido a que a anualidade correspondente a 2017 cuxo importe ascende a 100.000 € débese xustificar ante a Axencia Galega de Turismo, neste ano tal como así se indica na Resolución de data 18 de setembro de 2017.

Por este motivo, é necesario axilizar o procedemento de contratación para a demolición da estrutura, e que non se incluiu na orde do día por non terse presentado o proxecto modificado na data da convocatoria da sesión.

Por unanimidade apróbase a urxencia deste punto e a súa inclusión na orde do día.
Aprobación do proxecto modificado e do prego de claúsulas para a contratación da demolición da estrutura sita no Pico Sacro polo trámite de urxencia.

A xunta de goberno celebrada o 20 de abril de 2017, acordou aprobar o proxecto de demolición da estrutura sita no Pico Sacro, cuxo importe total era de 65.809,43 € IVE incuído.

Posteriormente, este proxecto foi modificado en canto ás actuacións a executar o cal supón incremento da execución material por importe de 15.411,18 € en relación co proxecto anteriormente aprobado. En consecuencia, o presuposto de execución material do proxecto modificado ascende a 61.115,35 € ao que sumado os gastos xerais, beneficios industrial e IVE, resulta un importe total de 88.00,00 euros.

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto modificado de demolición da estrutura sita no Pico Sacro, cun presuposto total de 88.000,00 € IVE incluído.

Segundo.- Comunicar este acordo a Axencia Galega de Turismo, organismo financiador do referido proxecto de demolición a través da subvención concedida ao concello de Boqueixón como "Premios Galicia Parabéns"

Terceiro.- Iniciar o expediente da contratación polo procedemento negociado para a demolición da estrutura sita no Pico Sacro, tramitación urxente e aprobar o seguinte prego de claúsulas administrativas particulares:

1.- OBXECTO DO CONTRATO: A execución da obra: "DEMOLICIÓN DE ESTRUTURA, SITA NO PICO SACRO" conforme ao proxecto redactado por estudio técnico gallego.
A súa codificación, correspondente ao número de referencia do Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), é 45110000.
O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considéranse que forman parte integrante deste prego, tendo carácter contractual. No caso de existir discrepancias entre o disposto no proxecto e o prego de cláusulas administrativas particulares, estarase ao disposto neste último.
A obra realizarase con estricta suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares, ao proxecto e a proposta presentada polo contratista.
A dirección e inspección das obras correspóndelle ao Director da Obra nomeado polo ente contratante que ditará as instrucións necesarias ao contratista, que estará obrigado a cumprilas, para a normal e eficaz execución da obra.

2.- ORZAMENTO MÁXIMO DA LICITACIÓN: Sinálase como orzamento máximo de licitación e valor estimado da mesma, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, de 72.727,27 €, o IVE ascende a 15.272,73 € e o orzamento máximo de licitación e valor estimado do contrato, co IVE é de 88.000,00 €. No caso de que o licitador non o puntualizara entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.

3**.**-FINANCIACIÓN: Para atender as obrigas económicas que se deriven para o ente contratante do cumprimento deste contrato existe crédito suficiente con cargo a correspondente subvención concedida pola xunta de Galicia según resolución da Axencia de turismo de Galicia.

4.-RISCO E VENTURA E REVISIÓN DE PREZOS: O contrato executarase a risco e ventura do contratista e non procederá a revisión de prezos polo seu reducido prazo de execución.

5.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR: Poderán concorrer, por sí ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade para obrar, non estean incursas nalgunha das prohibicións para contratar que enumera o art. 60 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP) e acrediten a súa solvencia económica, financieira e técnica.

6.-PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado. A trámitación é urxente.
O órgano corporativo competente para contratar que se determina conforme á lexislación de réxime local e acordo de delegación de competencias é a Xunta de goberno local .

7.-SOLICITUDE DE PROPOSTAS, PUBLICACIÓN DA LICITACIÓN, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS: De conformidade co disposto no art.178 do TRLCSP, o órgano de contratación solicitará a formulación de proposicións para a execución do contrato, como mínimo, a tres persoas físicas ou xurídicas capacitadas para a realización do obxecto do contrato. A petición realizarase por escrito, sempre deixando constancia no expediente da recepción das referidas peticións, admitíndose, para estes efectos, a utilización do fax.
Ademais publicarase anuncio da licitación no perfil do contratante.
As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, das 9 ás 14 horas, en sobres pechados que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula seguinte, dentro do prazo de CINCO (5) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte ao da recepción da solicitude da formulación da proposición ou, no caso de non ser invitado á licitación, desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da licitación no perfil do contratante. Faise constar que si o prazo rematara en festivo ou sábado ampliarase ao día seguinte hábil.
Poderanse presentar, dentro do prazo citado, as propostas por correo, tendo o interesado que acreditar, no resgardo correspondente, a data de imposición do envío na OFICINA DE CORREOS, anunciando o mesmo día do envío e no horario citado ao comezo desta cláusula, ao órgano de contratación, por FAX, ao número 981.51.30.00, a remisión da proposta.
Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fóra do prazo previsto no anuncio de licitación. Non obstante, transcorridos CINCO (5) DÍAS NATURAIS, contados a partir do seguinte ao do remate do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición remitida por correo.

8.-DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS: A presentación da proposta presupón a aceptación incondicional por parte do licitador das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co ente contratante. As propostas constarán de dous sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, facendo constar en cada un deles o seu correspondente contido, o nome do licitador e a súa dirección, así como o número de teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico para a súa localización inmediata. Cada licitador non poderá presentar máis que unha sola proposta, individual ou mediante a fórmula de unión temporal. Tampouco poderá figurar en máis dunha unión temporal. O incumprimento desta cláusula dará lugar a desestimación de todas as proposicións presentadas polo mesmo licitador.

No SOBRE “A” e baixo a denominación de “DOCUMENTACIÓN XERAL”, incluirase a seguinte:

1.-Acreditación da personalidade xurídica do licitador:

a) No caso de persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación inscrita, se é o caso, no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

b) No caso de persoas físicas: Número do Documento Nacional de Identidade (en diante DNI), Número de Identificación Fiscal ou pasaporte.

2.-Acreditación da representación de quen actúa en nome do licitador (aplicable a tódolos casos, agás aquel no que o licitador sexa unha persoa física e actúe por se mesma): Poder notarial bastanteado pola Secretaria do ente contratante.

3.-Declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no anexo I deste prego, de non atoparse incurso nas prohibicións para contratar establecidas no art. 60 do TRLCSP: En caso de que o licitador fose persoa xurídica, a declaración deberá referirse a mesma persoa xurídica e aos seus administradores. Esta declaración incluirá expresamente a circunstancia de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias co Concello, co Estado e coa Seguridade Social.

4.-Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira por calquera dos medios previstos no art. 75 do TRLCSP.

5.-Rexistro de licitadores: A inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación provincial de a Coruña eximirá aos licitadores de presentar a documentación esixida neste sobre correspondente aos puntos 1,2,3 e 4. Deberá acreditarse mediante unha certificación expedida polo Rexistro de que se trate acompañada dunha declaración responsable, conforme ao modelo que figura no anexo II deste prego, do licitador na que se manifeste que as circunstancias reflexadas no certificado non experimentaron variación.

6.-Acreditación da solvencia técnica e profesional por calquera dos medios previstos no artigo 76 do TRLCSP.

7.-Unións temporais de empresarios: Dous ou máis empresarios poderán presentar propostas conxuntas de licitación constituíndo unha unión temporal de conformidade co establecido no art. 59 do TRLCSP, debendo acreditar cada un a súa personalidade, capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose, para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas para cada un dos seus integrantes, cos nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de ser adxudicatarios do contrato e designar a persoa que será o seu representante ante o ente contratante. No suposto de resultar adxudicataria deberán acredita-la constitución da unión temporal en escritura pública e presenta-lo Código de Identificación Fiscal da unión temporal no prazo dos CINCO (5) DÍAS NATURAIS seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación e a súa duración coincidirá coa do contrato e ata a súa extinción.Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante do ente contratante.

8.-Empresas non españolas:

a) Acreditación da capacidade:

a-1) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega): Acreditarase mediante declaración xurada de estar habilitadas para realizar a

prestación de que se trate de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas. Cando dita lexislación esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate deberán acreditar o cumprimento deste requisito.

a-2) Empresas non españolas non incluídas no apartado anterior:

Acreditarase mediante a seguinte documentación: Informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público 5 asimilables aos enumerados no art. 3 da TRLCSP, en forma substancialmente análoga.

b)Declaración de someterse á xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois: Comprenderá os xulgados e tribunais de calquera orde, para tódalas incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideran xurdir do contrato, coa renuncia do foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

Os documentos que se acompañen deberán ser orixinais, non obstante admitiranse fotocopias dilixenciadas pola Secretaria do ente contratante , nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

No SOBRE “B” e baixo denominación “OFERTA” realizarase a proposta de acordo co modelo que figura no anexo III, debendo os licitadores axustar a súa proposta aos criterios para a adxudicación do contrato que figuran na cláusula seguinte deste prego, acompañada da documentación que se describe na citada cláusula.

9.-CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO: Serán os seguintes que se valorarán e ponderarán como a continuación se sinala, xunto coa documentación a presentar para que poidan puntuarse:

Melloras da prestación contractual sobre o previsto no proxecto en base á seguinte relación valorada : Ata un máximo de OITENTA (80) PUNTOS.

Unidades	Cantidade	Prezo	Total
M2. Despexe e roza do terreo Ø<30 Despexe e roza do terreo con bulldozer, i/arranque de árbores e tocos con diámetro inferior a 30 cm. e retirada de materiais a vertedeiro ou lugar de provisión.	4.113,00	0,53	2.179,89
M2. Roza e limpeza en monte baixo Roza e limpeza superficial de monte baixo, incluíndo arbustos, por medios manuais, incluída carga sobre camión, transporte e canon en xestor autorizado.	36.069,00	0,63	22.723,47
Ud. Preparación do terreo e plantación de árbore autóctona Subministro e plantación de árbore autóctona (Castanea sativa ou Quercus robur) 1,5-2 m. con variedades autóctonas galegas (inscritas dentro da IXP Castaña de Galicia) e p/p de variedades polinizadores (inscritas dentro da IXP Castaña de Galicia). A pranta deberá estar micorrizada con fungos do xénero Boletus sp, incluíndo p.p. de subsolado h>6 cm pte=20-30% e apertura mecánica de buratos 60x80x80 cm.	160,00	31,94	5.110,40
Total relación de melloras			30.013,76

Estas melloras serán valoradas de forma proporcional, recibindo a máxima puntuación (80 puntos) aquela que inclúa a totalidade das melloras e 0 puntos aquela que non ofreza ningunha mellora.

Non se valorarán aqueles incrementos a aplicar noutras accións diferentes ás relacionadas. A estes efectos os licitadores deberán presentar unha memoria descritiva valorada dos aspectos ofertados que incrementen a calidade do obxecto do contrato dentro dos parámetros fixados nesta cláusula.

A non presentación da memoria conforme ao disposto nesta cláusula determinará que a puntuación por este criterio sexa de CERO (0) PUNTOS.
-Prezo: Ata un máximo de VINTE (20) PUNTOS.
Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o orzamento máximo de licitación, co IVE, que figura na cláusula 2ª deste prego (88.000,00 €). Para a determinación da puntuación que no seu caso corresponda a cada oferta calcularase, no primeiro lugar, a porcentaxe de baixa á que correspondería a cualificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do R.D. 1098/2001, polo que se aprobou o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RXC). A continuación calcularase a porcentaxe de baixa de cada unha das ofertas presentadas. As ofertas que igualaran ou superaran a referida porcentaxe de baixa terán a puntuación máxima por este criterio, o resto obterán a puntuación proporcional que corresponda entre a súa porcentaxe de baixa e a porcentaxe de baixa á que corresponda a cualificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do RXC. As porcentaxes e as puntuacións calcularanse con dous decimais. As ofertas que non baixen do prezo tipo puntuarán CERO (0) por este criterio. No caso de que o licitador non o puntualizase entenderase que todas as cantidades citadas na súa oferta inclúen o IVE.

10.-APERTURA DOS SOBRES E CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS:
a) A apertura e cualificación da documentación incluída no SOBRE "A"as realizará o órgano de contratación.
b) Se se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada, se comunicará verbalmente aos interesados, concedéndose un prazo de TRES (3) DÍAS HÁBILES para que os licitadores os corrixan ou subsanen ante o propio órgano de contratación.
Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá extenderse.
c) O procedemento de adxudicación continuará coa apertura polo órgano de contratación do SOBRE "B" dos licitadores que presentaron toda a documentación esixida no SOBRE "A", levantándose pola Secretaria acta a tal efecto na que se deixará constancia das características das ofertas dos licitadores, xa sexa mediante a súa descripción escrita ou mediante copia compulsada das ofertas abertas. A continuación o órgano de contratación clasificará, pola orde decrecente de puntuación, as ofertas presentadas, previa emisión do/s informe/s que estime pertinentes, conforme aos criterios e as súas normas de valoración que figuran neste prego.No/s informe/s previo/s, ademais, se determinará si nas ofertas dos contratistas figuran aspectos susceptibles de non ser puntuados conforme ao descrito na claúsula 9ª deste prego (incremento da calidade do obxecto da prestación contractual sobre o previsto no proxecto en base ao que se executará a obra)

11.-OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS: Unha vez realizada a valoración o órgano de contratación procederá a apreciar se existen valores desproporcionados ou anormais nas ofertas, utilizando, para o prezo, os criterios establecidos no art. 85.1 ao 4 do RXC.Se o órgano de contratación entende que a proposición máis valorada podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto no art. 152.3 do TRLCSP.

12.-REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, INCLUÍDA A GARANTÍA: O ente contratante requirirá, para que presente a documentación que se cita nos seguintes parágrafos, ao licitador que teña a proposta máis valorada, sempre que non fose declarada desproporcionada ou anormal, suposto que, de darse, provocará que o órgano de contratación a exclúa da clasificación e faga o requirimento a favor da seguinte

proposición coa puntuación máis elevada na clasificación, sempre que poida cumprirse a satisfacción da Adminstración e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada. A documentación a presentar será a seguinte:
-Xustificación acreditativa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias (IAE, Estado, e Concello) e coa Seguridade Social. No que respecta ao IAE presentarase a alta, referida ao exercizo corrente ou o último recibo, completado con unha declaración responsable de non haberse dado de baixa na matrícula do imposto. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada ao pagamento do IAE, bastará declaración responsable asinada polo licitador ao respecto. En tódolos demais supostos presentaranse certificacións positivas dos organismos administrativos competentes.
-Garantía definitiva do 5% do importe total da adxudicación excluído o IVE.
O prazo de presentación da documentación solicitada no requerimento será de CINCO (5) DIAS HÁBILES a contar desde o seguinte a aquél en que se reciba o requerimento.
De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado se entenderá que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte na clasificación sempre que esta última oferta non fose declarada desproporcionada ou anormal.

13.-ADXUDICACIÓN DO CONTRATO: O órgano de contratación, dentro do prazo dos TRES (3) DIAS HÁBILES seguintes á recepción da documentación requerida na cláusula anterior, adxudicará motivadamente o contrato.
Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste Prego.
O acordo de adxudicación notificarase aos licitadores e, simultáneamente, publicarase no perfil de contratante.Tanto na notificación como na publicación no perfil do contratante se indicará o prazo no que debe procederse a formalización do contrato.
A notificación poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos houberan designado ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administrcións públicas.

14.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: A Administración e o contratista deberán formalizar o contrato en documento administrativo que se axuste, con exactitude, ás condicións da licitación, dentro dos QUINCE (15) DÍAS HÁBILES seguintes ao da notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquer rexistro público. Non obstante o anterior dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a petición do contratista e a súa costa.

15.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato.
A Administración non poderá divulgar a información facilitada por os licitadores que estes designen como confidencial. A estes efectos, os licitadores deberán incorporar en cada un dos sobres unha relación coa documentación á que dean ese carácter.
A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poidan ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co art. 10 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD).

O adxudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados puidese incorrer.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar, na súa integridade, a LOPD e a súa normativa de desenvolvemento, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Vixésimo Sexta do TRLCSP.

16.-PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E AVISO PREVIO: Unha vez formalizado o contrato e antes do comezo das obras, o contratista elaborará e presentará no Concello, no prazo de CINCO (5) DÍAS NATURAIS dende a firma do contrato, un Plan de Seguridade e Saúde (en diante Plan) na execución da obra, en aplicación do Estudio de Seguridade e Saúde que figura no proxecto de execución da obra e que reunirá os requisitos establecidos no art.7 do R.D. 1627/97, do 24 de outubro, que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras(en diante RDSS). O Plan, previamente informado polo Coordinador de Seguridade e Saúde , aprobarase, se procede, pola alcaldía ou xunta de goberno, facéndose constar que sen esta aprobación non poderán comezarse as obras, sendo por conta do contratista calquera responsabilidade derivada da execución das obras sen a aprobación do Plan. Os prazos de execución da obra non se suspenderán no caso da non presentación do Plan polo contratista, tan só farano a partir da presentación do Plan no Concello e mentres non se comunique ao contratista a súa aprobación.

O Coordinador efectuará o aviso previo a autoridade laboral antes do comezo das obras conforme ao disposto no art.18 do RDSS. O facultativo comunicará ao contratista a presentación do aviso previo que se expoñerá na obra de forma visible.

17.-ACTA DE COMPROBACIÓN DE REPLANTEO: Dentro do prazo de UN (1) MES dende a formalización do contrato o Director procederá, en presencia do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo, estendéndose acta do resultado que se asinará polas dúas partes, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano de contratación. Se o contratista non acude, sen causa xustificada, producíndose unha demora no prazo de realización deste acto, tal feito considerarase causa de resolución do contrato.

18.-PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA: A obra deberá estar executada antes do día 12 de decembro de 2017, posto que ten que xustificarse a execución da mesma ante a Axencia Galega de Turismo -Xunta de Galicia antes do día 15 de decembro de 2017.

Non se prevén modificacións do contrato neste prego. Como única excepción poderán introducirse variacións sen necesidade de previa aprobación cando éstas consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto sempre que non representen un incremento de gasto superior ao dez por cento do prezo primitivo do contrato. No caso de que se realizaran variacións de este carácter o Director está obrigado a poñelas por escrito en coñecemento do órgano de contratación con anterioridade a súa execución. Estas variacións incorporáranse as certificacións .

19.-RESPONSABILIDADE NA EXECUCION DA OBRA: O contratista obrígase a cumplir as normas vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social, de seguridade e hixiene no traballo e calquera outra de obrigado cumprimento. Expresamente queda obrigado o contratista a sinalizar e valar dun xeito concreto e detallado tódalas obras obxecto deste contrato, correndo da súa exclusiva responsabilidade as indemnizacións que poideran corresponder a terceiros por danos como consecuencia da defectuosa ou

incompleta sinalización ou valado e a non correcta adopción das medidas de seguridade establecidas na lexislación vixente, sen que o concello asuma responsabilidade algunha por este concepto. Asemade o contratista asumirá a responsabilidade civil, administrativa ou penal que lle poidese corresponder como consecuencia da execución das obras, quedando obrigado ao resarcimento de tódolos danos e prexuízos que se causen como consecuencia da execución deste contrato.

20.-PENALIDADES: Imporanse penalidades ao contratista cando incorra en algunha das causas previstas a continuación:

a) Por cumprimento defectuoso e demora: Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:

- Se ao tempo da recepción as obras non se encontran no estado de ser recibidas por causas imputables ao contratista.
- Como regra xeral a súa cuantía será un 1% do orzamento do 10 contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, caso no cal poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.
- En todo caso a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

b) Por incumprir criterios de adxudicación**.** Imporanse ao contratista penalidades por incumplir os criterios de adxudicación nos seguintes termos:

- Se durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción se apréciase que, por causas imputables ao contratista, incumpriuse algún/s dos compromisos asumidos na súa oferta.
- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25% da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumprido, resultará que a súa oferta non houbese sido a mellor valorada.
- Como regra xeral a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumplimento é grave ou moi grave, caso no cal poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

21.-PAGAMENTOS: Verificaranse contra certificacións expedidas polo Director e aprobadas pola xunta de goberno. Dentro das certificacións de obra figurarán os aspectos incluídos dentro do criterio de incremento da calidade na oferta do adxudicatario. Asemade o contratista deberán presentar facturas por igual importe que os das certificacións.

Para o abono a conta de materiais acopiados e por instalacións e equipos estarase ao disposto nos arts. 155, 156 e 157 do RXC.

22.- CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN: Estarase ao disposto nos arts. 226, 227, 228 do TRLCSP, facéndose constar que, o contratista non poderá subcontratar máis dun 20% das unidades de obra. Salvo casos excepcionais, que deberán constar antes de asinar o contrato, a subcontratación non poderá exceder do 60%.

23.-RECEPCIÓN DAS OBRAS, CERTIFICACIÓN FINAL E PRAZO DE GARANTÍA: Tal e como figura na cláusula 18 deste prego, a obra deberá estar certificada e recepcionada antes do día 12 de decembro de 2017, posto que a documentación xustificativa da realización da obra debe ser enviada á Axencia Galega de Turismo antes do día 15 de decembro de 2017.

Se as obras se atopan en bo estado e co arranxo as prescricións previstas, o director designado polo ente contratante as dará por recibidas, levantándose a correspondente acta que se asinará polos concorrentes á reunión, iniciando o prazo de garantía.

Cando as obras non estean en estado de recibirse farase constar así na acta que se asinará polos concorrentes, o Director sinalará os defectos observados e detallará as instruccións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido dito prazo o contratista non correxira os defectos das obras conforme ao sinalado polo Director, poderá concedérselle outro prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato. Se, finalmente, se corríxen os defectos observados e as obras se atopasen en bo estado e conforme co sinalado polo Director, levantarase a correspondente acta que se asinará polos concorrentes á reunión que se realice ao efecto, iniciándose o prazo de garantía.

O prazo de garantía será de UN (1) ANO, contado desde a recepción das obras.

24.- RECEPCIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE GARANTÍA: Dentro do prazo de DEZ (10) DÍAS NATURAIS anteriores ao cumprimento do prazo de garantía o Director, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras de demolición. Se este fose favorable o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, agás o disposto no art. 236 do TRLCSP sobre responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía conforme ao disposto no art. 102 do TRLCSP e no seu caso, ao pago das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de SESENTA (60) DÍAS NATURAIS.

No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados responderan a deficiencias na execución e non ao uso durante o prazo de garantía, o Director procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a reparación procedente, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha pola ampliación do prazo de garantía

25.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO: As causas de resolución son as previstas nos arts. 223 e 237 do TRLCSP, que se acordará na forma prevista no art. 224 do TRLCSP e cos efectos citados nos arts. 225 e 239 do TRLCSP. Será causa específica da resolución do contrato o incumprimento por parte do contratista das obrigas asumidas na oferta.

26.-GASTOS A CARGO DO CONTRATISTA: Serán da súa conta os seguintes gastos:

a) Os tributos de calquera Administración que pesen sobre o contrato ou sobre o seu obxecto.

b) Asumir o pago do IVE.

c) No seu caso, os da formalización pública do contrato de adxudicación.

d) Os da elaboración dun Plan de Seguridade e Saúde para a execución da obra conforme o disposto no Estudio de Seguridade e Saúde incluído no proxecto en base ao que se execute a obra.

e) Se procédese, os gastos do anuncio da formalización do contrato no BOP, ata un máximo de MIL (1.000,00) €.

27.-RESPONSABLE DO CONTRATO: A efectos do disposto no art.52 do TRLCSP será a Presidencia a responsable do contrato.

28.- REXIME XURÍDICO: O contrato que regula as presentes cláusulas ten carácter administrativo e, como tal, as partes sométense á lexislación de contratos das administracións públicas (TRLCSP, RXC e R.D.817/2.009, do 8 de maio); supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de

dereito privado. As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato resolveranse polo órgano de contratación, acordos que porán fin a vía administrativa e contra os que caberá recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto pola lei reguladora desta xurisdicción, despois da interposición previa, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Boqueixón, de outubro de 2.017.

ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR E DE ESTAR AO CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS.(incluír no SOBRE "A")

D ----------, DNI nº ---------- e enderezo en ---------- ----------, en nome propio ou en representación da persoa xurídica --------- ---------- ---------, CIF nº----------, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no procedemento de contratación da obra "DEMOLICIÓN DE ESTRUTURA SITA NO PICO SACRO ", DECLARO o seguinte:

-Que nin o licitador nin, no seu caso, os seus administradores ou órganos de dirección están incursos nas prohibicións de contratar establecidas no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público Lei 30/07.

-Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias no senso establecido no artigo 13.1 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, incluído o non ter co Estado e co Concello de Boqueixón débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de que non proceda a utilización da vía de apremio segundo o disposto no apartado d) da disposición citada neste parágrafo, non ter débedas non atendidas en período voluntario.

-Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social no senso establecido no artigo 14 do RXC.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR DA NON VARIACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS INCLUÍDAS NA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE LICITADORES. (incluír no SOBRE "A")

D ----------, DNI nº ---------- e enderezo en ---------- ----------, en nome propio ou en representación da persoa xurídica --------- ---------- ---------, CIF nº----------, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no procedemento de contratación da obra: "DEMOLICIÓN DE ESTRUTURA SITA NO PICO SACRO",

DECLARO o seguinte: Que as circunstancias reflectidas no certificado acreditativo de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores (Estado/Comunidade Autónoma de Galicia/ deputación) que se acompaña na proposta non experimentaron variación dende a data da súa expedición.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO III

MODELO DE OFERTA A INCLUÍR NO SOBRE "B"

D ----------, DNI nº ---------- e enderezo en ---------- ---------- ----------, en nome propio ou en representación da persoa xurídica --------- ---------- ---------, CIF nº----------, a efectos de incorporar á súa proposta para participar no procedemento de contratación da obra: "DEMOLICIÓN DE ESTRUTURA SITA NO PICO SACRO ", comprométese a executala con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares, ao proxecto e a presente oferta que se axusta aos criterios de adxudicación fixados na cláusula 9ª do prego de cláusulas administrativas particulares, acompañando a documentación que nesa cláusula se esixe:

-Prezo: Ofrezo a execución da obra: "DEMOLICIÓN DE ESTRUTURA SITA NO PICO SACRO" polo seguinte prezo que expresa o orzamento máximo de licitación, co Imposto sobre o Valor Engadido (en diante IVE), que non supera o sinalado na cláusula 2ª deste prego (88.000,00 €):

Sen IVE _____ (en número e letra) €

IVE _____ (en número e letra) €

Total co IVE _____ (en número e letra) €

O que supón a seguinte baixa total respecto do orzamento de licitación, incluído o IVE de _____ (en número e letra) €

- Melloras da prestación contractual sobre o previsto no proxecto : Adxunto a este escrito unha memoria descritiva valorada das melloras ofertados sobre o obxecto do contrato e que non se aplican noutras accións diferentes ás de radicación do citado obxecto do contrato.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

Cuarto.- Declarar a urxencia da tramitación deste expediente de contratación debido a que a xustificación dos custos deben presentarse na Axencia Galega de Turismo antes do 15 de decembro deste ano.

Quinto.- Publicar o anuncio da licitación no perfil do contratante e solicitar ofertas ás seguintes empresas:

- OVIGA S.L
- Construcións Boqueixón,SL
- Hnos. Couto Fandiño, SL

12.Rogos e preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

Visto e prace

A secretaria O alcalde